

Programa

LUNS, 6 DE MAIO

Fortalezas, Irmandade, irmandiñas, Igrexa e nobreza

16:30 **Xosé Manuel Sánchez Sánchez**, Profesor axudante doutor, Área de Historia Medieval (Facultade de Xeografía e Historia) da USC. Coordinador do Máster Interuniversitario Patrimonio Cultural Dixital. Medievalista interesado na historia social do poder, da vida cotiá e mentalidade medievais. Ofrecerá un relatorio sobre os castelos galegos e a súa imaxe na revolta: **“Irmandiños, revoltas, castelos e ideas: atacando os edificios que amosan o poder”**.

17:15. **Francisco Javier Pérez Rodríguez**, Doutor en Historia Medieval pola USC. Profesor titular na área de Historia Medieval do Departamento de Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo (Campus Ourense). Especializado na Historia da Igrexa no Reino de Galiza durante a Idade Media, o seu relatorio abordará o papel xogado pola Igrexa nas revoltas: **“A participación da Igrexa galega nas revoltas irmandiñas”**.

18:00. **Miguel García Fernández**, Técnico superior de actividades técnicas e profesionais do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC), especialista en Historia Medieval e Moderna e na historia social das mulleres na Idade Media. Intervirá cunha charla sobre as mulleres galegas ante a revolta irmandiña cunha figura directamente involucrada: dona Teresa de Zúñiga: **“Para que “los pequeños e los medianos e los grandes vivamos bien”: dona Teresa de Zúñiga e as mulleres galegas ante a revolta irmandiña”**.

18:45. Pablo Otero Piñeyro Maseda, Director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC), Doutor en Historia pola USC, desenvolve a súas liñas de investigación arredor das coleccións documentais de mosteiros e casas nobres e da historia social da nobreza galega da Baixa Idade Media. Participa cun percorrido pola casa señorial galega despois das revoltas: das torres aos pazos: **“A casa señorial en Galicia tralas revoltas”**.

19:30. Simón Vicente López, Doutor en Historia da Arte pola USC, traballa como auxiliar de sala na Rede Museística Provincial de Lugo. O seu relatorio abordará a doazón dunha escultura de cabaleiro medieval relacionada coa liñaxe do Pazo de Tor: **“A morte do cabaleiro de Tor e o seu bestiario”**.

MARTES, 7 DE MAIO

Donas e cabaleiros ante a morte: iconografía dos sepulcros galegos na Baixa Idade Media

16:30. **María Dolores Barral Rivadulla**, Profesora Titular do departamento de Historia da Arte da USC, universidade na que se doutorou. As súas investigacións abranguen aspectos iconográficos, arquitectónicos e artísticos da Idade Media con particular interese pola mentalidade e o comportamento social da nobreza baixomedieval. O seu relatorio asumirá o caso dos sepulcros das mulleres galegas nos anos finais da Idade Media: **“Dime como vistes e adornas e direi quen es. A imaxe da muller na escultura funeraria medieval galega”**.

17:15. **Marta Cendón Fernández**, Profesora Titular de Historia da Arte na Facultade de Xeografía e Historia da USC, é doutora en Historia da Arte cunha tese sobre iconografía funeraria episcopal. Estuda o mundo das imaxes iconográficas arredor da morte e das mulleres galegas na Baixa Idade Media, con publicacións, así mesmo, sobre sepulcros baixomedievais de reis e cabaleiros. Falará sobre a búsqueda da eternidade dos cabaleiros galegos a través dos seus sepulcros: **“Guerreiros para a eternidade. Sepulcros de cabaleiros na Galicia Baixomedieval”**